

2ª PROPOSTA DE ACORDO SOBRE AS CONDICIÓNES ESPECIAIS DE TRABALLO DO PERSOAL DOS CENTROS DE XESTIÓN PROPIA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE.

No actual contexto, unha vez superada a crise económica da década pasada e as consecuencias da COVID-19 **enténdese** necesario chegar a un acordo cos representantes dos traballadores, no ámbito dos servizos que se prestan na rede de centros de xestión propia da Consellería de Política Social no que mantendo a prestación dos servizos sociais a un coste razoable e, por outra, os dereitos do persoal con relación funcional ou laboral que presta servizos nos ditos centros que permita unha reorganización máis axeitada da prestación dos servizos que se traduza nun beneficio para os usuarios e os empregados públicos. Ademais, preténdese que o traballo a quendas que se desenvolve nos centros obxecto deste acordo sexa o máis equilibrado posible entre tempo de traballo e tempo de descanso.

Clausula 1º.- PRINCIPIOS XERAIS.

O presente acordo pretende conseguir, unhas carteleiras de traballo harmonizadas nos distintos centros de traballo, en consecuencia, unhas rotacións de quendas homoxéneas e equilibradas entre o tempo de traballo e o necesario descanso, tanto semanal como entre xornadas, recoñecido pola normativa vixente.

Ademais querense regular os outros descansos a que teñen dereito os empregados que realizan quendas de traballo así como o desfrute do período de vacacións que posibilite unha cobertura máis axeitada das ausencias, que por esta circunstancia se producen, para conseguir unha mellor ordenación tanto das contratacións como

da prestación dos servizos en período vacacional que a súa vez sobrecargue o menos posible ao persoal que presta servizos no período vacacional.

Clausula 2º.- AMBITO DE APLICACIÓN.

Este acordo aplícaselle a todo o persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia que preste os seus servizos en réxime de quendas na rede de centros de xestión propia da Consellería de Política Social e Xuventude e no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Clausula 3º.- DESCANSO ENTRE XORNADAS E DESCANSO SEMANAL.

Garantese que entre a finalización dunha xornada e o comezo da seguinte mediarán, como mínimo, doce horas, todo o personal incluído no ámbito de aplicación deste acordo terá dereito a un descanso mínimo semanal de dous días.

~~Sendo a xornada de traballo da maior parte do persoal incluído dentro do ámbito de aplicación do presente acordo unha xornada especial, por desenvolver un traballo a quendas, cando ao cambiar o empregado de quenda de traballo por razóns organizativas non poida gozar do descanso mínimo entre xornadas establecido, poderase reducir o mesmo ata un mínimo de sete horas, quedando compensada a diferenza existente ata as doce horas nos días inmediatamente seguintes, nos seguintes supostos:~~

~~— Cando o descanso entre xornadas sexa inmediatamente anterior ou posterior ao goce do descanso semanal obrigatorio e ininterrompido.~~

~~— Cando o descanso entre xornadas sexa inmediatamente anterior ou posterior ao goce do descanso correspondente a un festivo.~~

~~Estes días adicionais de descanso serán incluídos na carteleira de persoa empregada, dentro do mesmo ano natural.~~

Para o persoal que traballe a quendas consideranse hábiles os días nos que o/a traballador/a teña asignada unha quenda de traballo (quendas de mañá, tarde ou noite) nas táboas ou cadros horarios. Deste xeito as denominadas "x" en carteleira non se solaparán con días de descanso semanal, festivos, vacacións e permisos respectando en todo caso o carácter de hábil ou inhabil dos mesmos.

Clausula 4º.- DÍAS 24 E 31 DE DECEMBRO, E DÍAS FESTIVOS

Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación do presente acordo gozará como descanso os días 24 e 31 de decembro. Se por necesidades do servizo non se puidesen gozar eses días, facilitarase un descanso equivalente durante o mesmo ano natural ou no inmediatamente seguinte.

Polo traballo en festivos, 24 e 31 de decembro compensarase do seguinte xeito:

O traballador que por necesidades do servizo traballe o día 24 e/ou día 31 de decembro ~~se lle~~ compensaráselle como festivo. Polo tanto, toda persoa traballadora, **nesa situación**, terá dereito a gozar cada ano natural dun total de **16 festivos**, ademais dos días que lle correspondan de conformidade co disposto neste acordo.

Clausula 5º.- TRABALLO EN DOMINGOS. XORNADAS E NOITES CONSECUTIVAS DE TRABALLO.

En cuanto á xornada as quendas de traballo serán de 7-7-10 horas, en horarios de mañá de 8 a 15horas, de tarde de 15 a 22 horas e de noite de 22 a 8 horas.

Con carácter xeral garántese que o descanso semanal coincidirá efectivamente en sábado e domingo nunha proporción dun de cada dous como mínimo (50 por cento). Se por causas asistenciais houberse que realizar máis da metade dos sábados e domingos en cómputo anual o número máximo anual non poderá exceder do 60 por cento.

~~O número de xornadas consecutivas de traballo será de sete como máximo, procurándose, cando sexa posible, un número menor.~~ Na medida do posible ningún traballador realizará máis de cinco xornadas consecutivas de traballo salvo axustes individuais de carteleira.

O número de quendas consecutivas de noite non será superior a dúas salvo necesidades de confección ou axuste de carteleiras.

~~O número de noites consecutivas de traballo será de tres como máximo, procurándose, cando sexa posible, un número menor.~~ Quedan exceptuados en todo caso as persoas traballadoras contratadas especificamente para traballo nocturno.

Establecese que por cada grupo de catro domingos e/ou festivos traballados se terá dereito a dous días adicionais de descanso (x) que se incluírá nas carteleiras. Ademais se xenerará unha compensación económica de *** euros a percibir preferentemente na nómina do mes seguinte ao día no que se produza o cuarto domingo ou festivo traballado.

*** 120 euros para o persoal da agrupación profesional, ou grupo equivalente laborais.

140 euros para o persoal do grupo C2 ou grupo equivalente laborais.

160 euros para o persoal do C1 ou grupo equivalente laborais.

180 euros para o persoal do grupo A ou grupos equivalentes laborais.

De non chegarse ao cumprimento do bloque dos catro días no ano natural aboariase en proporción aos domingos ou festivos soltos efectivamente traballados.

Clausula 6.- VACACIÓNS ANUAIS

O persoal que traballe nos centros e residencias de servizos sociais polo menos a metade das súas vacacións deberán ser gozadas preferentemente entre os días 1 de xuño a 30 de setembro. Así deberá solicitar estas vacacións por quincena natural (do 1 ao 15, ou do 16 ao 30/31) ou por mensuralidade completa. Nos supostos previstos neste parágrafo, unicamente se computarán como vacacións os días hábiles que se gocen nos ditos períodos. Os días de vacacións restantes, fora dese período, poderanse gozar por días hábiles segundo a normativa vixente sobre vacacións.

Clausula 7.- CONVERSIÓN DE CONTRATOS A JORNADA ORDINARIA ANUAL

Farase unha conversión dos postos con xornada inferior a ordinaria anual en postos de xornada completa anual. ~~Para a optimización dos postos resultantes se poderá utilizar, de ser o caso, a figura das itinerancias.~~ Esta medida afecta a 144 postos cuxa relación se acompaña como anexo a este acordo.

Clausula 8.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO E SUBCOMISIÓNS TÉCNICAS DE TRABALLO.

Coa sinatura do presente acordo constituirase unha Comisión para o examen e resolución de cantas cuestións se deriven da interpretación, seguimento e aplicación do mesmo **así como para a concreción dos resultado dos traballos das subcomisións técnicas.**

A Comisión estará integrada por dous membros titulares en representación de cada organización sindical asinante das que forman parte da mesa xeral de negociación de empregados públicos e un igual número de membros por parte da Administración. Poderán asistir á Comisión por cada central sindical un/unha asesor/a con voz e sen voto.

Para o mellor funcionamento desta Comisión nombrarase a un secretario/a, pertencente á Consellería competente en materia de Política Social, que levantará e custodiará as actas das reunións á vez que canalizará a relación de ambas as dúas partes en cantos aspectos se deriven do funcionamento da mesma.

Nesta comisión se abordarán:

- a) O estudo das carteleiras dos centros de traballo similares cando se produza unha descompensación entre elas coa finalidade de facer propostas e establecer criterios para que as mesmas sexan homoxeneas e equilibradas.
- b) A prestación efectiva de servizos en cómputo anual do persoal a quendas nocturnas trala aplicación nas distintas carteleiras das modificación do presente acordo, coa finalidade de propoñer un sistema de descanso e/ou retibucións máis homoxeneo entre os distintos grupos profesionais.
- c) A definición da obrigatoriedade da prestación de servizos por "necesidades do servizo" coa finalidade de facer unha proposta de regulación das súas consecuencias así como do pagamento das

compensacións que sexan oportunas. Unha vez definida a mesma o aboamento non poderá ser inferior a un día de libranza máis unha compensación económica do 50% do valor da xornada.

- d) Estudio daquelas quendas excepcionais superiores a cinco días ou a dúas noites consecutivas coa finalidade de ver cales son as causas e proponer medidas de eliminación.
- e) Estudio das causas de absentismo coa finalidade de proponer medidas que posibiliten a súa rebaixa efectiva en beneficio da prestación do servizo público.

Para a realización destes traballos se crearán unha ou varias subcomisións técnicas presididas pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude e dous membros de cada unha das organizacións sindicais asinantes do presente documento. Actuará como secretario unha persoa empregada pública da dita Consellería.

As ditas subcomisións terán o mesmo número de vocais por cada unha das partes asinantes e se constituirán no mes natural seguinte á publicación do presente acordo.

Clausula 9º.- VIXENCIA DO ACORDO.

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, prorrogándose anualmente, salvo denuncia do mesmo por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de dous meses á da data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prorrogas.

O dito acordo será negociado na Mesa xeral de Empregados Públicos e aprobado, de ser o caso, na Comisión Superior de Persoal e trala súa sinatura será publicado para xeral coñecemento.

Déixanse sen efecto, todos aqueles acordos, convenios ou pactos que contradigan o disposto neste acordo.

~~A vixencia do mesmo será ata o 31 de decembro de 2026 perrogables anualmente salvo denuncia de calquera das partes no segundo trimestre do último ano da súa vixencia.~~

Disposición transitoria única. Contía nocturnidade.

En tanto en cuanto non se regule a percepción do complemento de nocturnidad garántese que o persoal funcionario non terá unha retribución inferior que a que lle correspondería de ser laboral do convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.